

## COMENTARIOS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

### ***Simplificación legislativa***

O feito de que se deroguen os tres textos legais incluíu no só documento a súa regulación supón unha vantaxe.

### ***Categorías***

O feito de reducir a dúas categorías supón unha vantaxe xa que simplifica a súa categorización.

Nos *BIC's ope legis* deberíanse incluír as mámoas, eiras, campos de hórreos e as lareiras tradicionais. É moi delicado fixar unha data (1901) para a súa inclusión. A data é un criterio moi relativo. O mellor criterio é o estudo particular de cada posible BIC e, para iso, deberíanse ter en conta a maiores os valores que presenta cada hórreo, cruceiro ou peto de ánimas que puideran ser merecedores da súa inclusión.

O mesmo criterio débese aplicar para os *bens catalogados*. A data de 1600 deixaría fóra da categoría mostras escultóricas en madeira e pictóricas do século XVII e XVIII moi salientables.

Por qué razón non se inclúe a arquitectura industrial?

### ***Transparencia: Censo de bens culturais***

En principio, non se trata dunha nova categoría, pero parece que sí...

Non é suficiente sinalar que será actualizado "periodicamente"... Hai que fixar un prazo máximo de tempo. O prazo que se apunta ao final do anteproxecto parece moi excesivo.

Precísase dunha definición clara do que se entende por "*ben integrante do Patrimonio Cultural de Galicia*": Qué características debe reunir? Non pode ser un concepto ambiguo.

Non debería servir só como instrumento orientativo para elaborar o catálogo. Debería ser de obrigada inclusión, o que non desmerece o seu carácter aberto.

### ***Contornos de protección***

Resulta excaso que só se considere para os bens inmobles.

Pódense establecer limitacións de uso e construción?... Deberíanse establecer sempre. De non facelo, o criterio sería subxetivo e daría lugar a unha inseguridade xurídica.

### ***Zonas de amortecemento***

Poderase establecer cando se considere oportuno?... Criterio moi arbitrario. Quen o considera oportuno?

Se non necesita de autorización de Cultura, cómo é que reforza a protección dos bens? Vacío xurídico.

### ***Instrumentos de rexistro***

Non deberían ser "totalmente independentes entre si", senón permeables e actuar coma vasos comunicantes.

### ***Informes preceptivos da Consellería***

Os plans urbanísticos e instrumentos de ordenación do territorio deberían contar sempre co informe preceptivo xa que hai bens dos que pode ter coñecemento exclusivamente a Consellería e non o equipo redactor.

A posibilidade de excepcionar o informe xera un vacío e inseguridade xurídicos enormes: Quén certificará a non afección? En base a qué informes ou criterios? Os informes por qué técnicos estarán redactados?...

### ***Réxime de intervencións***

Debería delimitarse a tipoloxía de intervención autorizable en función do nivel de protección sempre e cando sexa adecuado o nivel de protección.

### ***Criterios de intervención***

O código de boas prácticas precisa unha clara e concreta definición, dependendo do ben cultural e o seu entorno. De todos os xeitos, parece unha medida ventaxosa que redundará nunha maior rapidez na tramitación dos expedientes en cuestión.

As prohibicións en BIC's débense estender non só a monumentos e xardíns históricos.

Qué sucede coa publicidade comercial, cables, antenas e conducións aparentes existentes?... Deberían articularse liñas de subvencións para fomentar a súa progresiva desaparición ou adaptación.

Sería axeitado establecer unhas bases para o seu deseño.

O Camiño de Santiago discorre a través de varias Comunidades Autónomas: Sería conveniente harmonizar estes criterios entre todas as CCAA para lograr que a publicidade, rótulos e sinais fora o máis homoxénea posible.

### ***Habilitacións legais municipais***

A novidade máis problemática deste anteproxecto.

Os Concellos poderían autorizar as intervencións en determinados bens catalogados:

Qué intervencións?

Quén autoriza?... O alcalde?

Quén asina o informe técnico?... Calquera técnico?... Un aparelador?... Un perito agrícola? En moitos municipios son este tipo de técnicos os que desenvolven a función de asesores urbanísticos municipais.

O seu carácter voluntario conducirá a ter un mapa autonómico diferente por municipios que dependerá da intención de cada corporación local. Un mapa no que se adoptará unha postura diferente en relación á protección patrimonial por parte de cada concello. É dicir, os criterios deixan de ser universais para toda a Comunidade Autonómica e comezarán a acentuarse as diferencias dun municipio a outro, tal e como sucede coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Quén velará polo cumprimento municipal?... A Consellería?

### ***Regulación de novos Patrimonios I, II e III***

En contra da presunción de valor segundo criterio de datación. Seguridade xurídica cuestionable xa que o patrimonio a protexer, sexa cal sexa a natureza do ben, debería sempre estar guiado por outro tipo de valores e non exclusivamente pola súa idade. Pode darse o caso de patrimonio máis recente pero merecedor de protección e outro anterior á data que fixa a nova regulación pero que xa perdeu o seu valor e non merece protección.

### ***Fomento do Patrimonio***

Falta concreción nas liñas de subvencións.

A posibilidade de beneficios fiscais para BIC's é ventaxosa xa que podería incentivar a súa conservación.

Sería máis práctico substituír as campañas de difusión e pedagogía da cultura por horarios máis flexibles para os visitantes interesados en coñecer estes BIC's: Horarios de apertura de igrexas fóra da celebración dos actos litúrxicos. Rutas do románico. Guías...

### ***Inspeccións e Sancións***

Quen determinará o valor do dano?... A multa do tanto ao quádruplo parece excasa.

Aumenta o prazo de prescrición a un máximo de 10 anos: Non deberían prescribir nunca!

En Ourense, a 28 de maio de 2015.

A Delegación de Ourense do COAG.

Os asistentes: Xan Xosé Rodríguez, Víctor Grande e Óscar Gónfer.